



Encontre a súa información...

Familias

Alumnado

Profesorado

Centros


Empresas

Construcións e
melloras

Inicio

Educación investirá máis de 540.000 euros na obra de eficiencia enerxética do CEIP da Serra de Outes

→ A actuación ten como obxectivo corrixir os problemas que presenta o edificio en material de illamento e iluminación



Mar, 13/06/2017 - 15:44

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170613/AnuncioG0164-090617-0001_q1.html) a licitación da obra de rehabilitación integral (enerxética e funcional) do CEIP da Serra de Outes en Outes, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe 4, obxectivo específico 04.03.01 (expediente ED 3/17-O). O orzamento de licitación ascende a 543.110,68 €. Esta obra enmárcase no Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2020, ao abeiro do cal se realizaron no ano 2016 obras para a mellora da eficiencia enerxética en 10 centros educativos e se van realizar este ano outras 8, por importe de 3,2 millóns de euros.

O obxectivo da actuación é corrixir os problemas de infiltración de auga e aire, o alto coeficiente global de transmisión de calor. Así mesmo, estanse a dar problemas de eficiencia enerxética no sistema de iluminación das aulas.

A obra estrutúrase en dúas partes. Por unha banda, no relativo ao exterior illarase a fachada mediante sistema de envolvente continua, substituiranse as fiestras por novas ventás de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor e mudarase o material de cubrición por panel de dobre chapa de aceiro con illamento intermedio. Ademais instalaranse luminarias de alta eficiencia enerxética. Todas estas medidas combinadas supoñen un aforro enerxético en enerxía primaria non renovable do 22,23%.

Na segunda parte dos traballos realizarase a reparación e pintado de paramentos interiores e colocaranse elementos de identidade corporativa.



IMPRIMIR



RECOMENDAR



Tweet



Gústame 0

Departamento • Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Colectivo • Centros

Tema • Construcións e melloras